Padrón

Exmo. Concello de Padrón
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

ANUNCIO: BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE DOCE (12) POSTOS DE TRABALLO DE PEÓNS PARA TRABALLOS VARIOS RELACIONADOS COAS FESTAS DA PASCUA 2013 DO CONCELLO DE PADRÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réximen local, faise público que por Resolución do Alcalde número 111/2013, do 4 de marzo, aprobáronse as bases que rexerán o procedemento de selección número 02/2013-SPLT, para a provisión de doce (12) postos de traballo de peón para traballos varios relacionados coas festas da Pascua 2013 do Concello de Padrón, en réxime de dereito laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, e convocouse o correspondente procedemento.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde do Concello de Padrón, no prazo dun mes contado desde o día de publicación do anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

O texto íntegro das bases aprobadas pode consultarse na páxina web do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es) e no Taboleiro de Anuncios do mesmo.

Padrón, 5 de marzo do 2013
O Alcalde

CONCELLO DE PADRÓN ALCALDE

Asdo. Antonio Fernández Angueira